

# NOCIÓN S BÁSICAS PARA ENSINAR E MODIFICAR CONDUCTAS INFANTÍS

*J. Carlos López Vázquez*

Escola Universitaria  
de Formación do Profesorado, Lugo

## INTRODUCCIÓN

Nas páxinas seguintes describese un conxunto de técnicas directivas que son o resultado da aplicación do método experimental en psicoloxía. Baseadas nas teorías conductistas de aprendizaxe están encamiñadas a explica-la xénese e o mantemento das conductas inadecuadas, e especialmente a alterar, eliminar ou substituí-las ditas conductas. No caso de comportamentos deseables, que o suxeito non posúa, o obxectivo consiste en instaurar ou desenvolver tales comportamentos.

## TÉCNICAS DE MODIFICACIÓN DE CONDUCTA

No ano 1954 apareceu na Revista de Educación da Universidade de Harvard, EE.UU., un artigo titulado: "La ciencia del aprendizaje y el arte de la enseñanza". Con este artigo -que no seu día pasou praticamente inadvertido-, o seu autor, B.F. Skinner, sentaba as bases das actuais técnicas de modificación de

conducta infantil e a súa aplicación na área do ensino.

Falouse moito do científico ruso Pavlov e das súas experiencias con cans, que segregaban cuspe e zumes gástricos ó oí-lo son dunha campaíña. Pois ben, estas respostas "condicionadas" a un determinado estímulo-sinal (neste caso a campaíña) constitúen os fundamentos das técnicas que modifican a conducta humana. Skinner, profundando nas investigacións de Pavlov, construíu unha gaiola con dispositivos mecánicos que podían ser accionados por ratas e pombas (a famosa "Skinner's Box"). Nela comprobou a reacción dos animais ó aparecer un determinado sinal (unha luz, unha cor, un son) e accionar, premendo, un mecanismo que lles daba comida. Se acertaban, había moitas posibilidades de que a próxima vez que aparecese o sinal volvesen a preme-lo mecanismo. O que quere dicir que un reforzamento (neste caso o alimento) é un estímulo que, presentado ó suxeito que realizou unha conducta (resposta a un determinado si-

nal inicial) aumenta a probabilidade de futuras conductas deste tipo.

As técnicas de modificación de conducta parten sempre da observación. Do rexistro meticulo do feito (conducta, resposta) que interesa modificar ou ensinar de novo. Non vale dicir: "O neno non aprende, ou non come, ou non fala", porque é referirse a algo intanxible, a unha non conducta difícilmente cuantificable e valorable. Hai que esmiuza-la conducta anómala que queremos modificar, definindo exactamente cal é e o obxectivo que perseguimos. Cando dicimos "o neno non come", debemos puntualizar un pouco máis: "fronte a estráños", "non come garavanzos", "na cea", "con súa nai", etc. É o que se chama defini-la "conducta obxectivo". Debemos, pois, antes de decidirnos a pasar á acción, formular unha serie de preguntas (e atopa-la súa resposta): ¿Cal é a conducta que hai que cambiar? ¿En que consiste exactamente esta conducta? ¿Cando, onde e como ocorre? ¿Que cremos que controla esta conducta? ¿Ata que punto esta conducta prexudica o neno ou a nós? ¿Está en condicións de practicar outras conductas?

Despois de moitos anos de investigación realizada por psicólogos dedicados ó estudio de como aprenden os animais, incluído o ser humano, descubríronse tres factores de extraordinaria importancia:

1. Unha persoa aprende a facer algo cando a cambio obtén unha gratifica-

ción ou recompensa. Por exemplo, un neno aprende a ter rabechas se con iso consigue a atención de seus pais.

2. Unha persoa deixa de facer algo cando a cambio non obtén unha gratificación ou recompensa. Por exemplo, un neno deixa as súas rabechas cando se dá conta de que non consigue ningunha atención.

3. Unha persoa aprende mellor a facer algo cando se lle ensina a base de pequenos pasos. Por exemplo, se queremos ensinarlle a un neno a que nos faga unha casa cun xogo de construción, o primeiro que debemos ensinarlle é a colocar unha peza.

## O ENSINO DUNHA NOVA CONDUCTA

Conducta, ou comportamento, é sinónimo de movemento. Movemento do corpo. Así manifestamos unha "conducta verbal" cando falamos, ou unha "conducta de xogo" cando xogamos. Accións todas elas que podemos observar ou oír. É dicir, que somos quen de as controlar seguindo as secuencias normais do desenvolvemento sensorial-motriz do neno.

O que non podemos é "inventar" elos evolutivos onde non existen. Non podemos, por exemplo, ensinar a correr a un neno que ainda non aprendeu a andar. Noutros casos, os pais e mestres, a miúdo, dedican demasiado tempo e esforzo a ensinar conductas difíciles de aprender, porque son complexas en rela-

ción coa idade do neno. A el élle máis doido aprender primeiro as conductas básicas, ensinadas a conciencia e a pequenos pasos. Así, se queremos ensinar a un neno a que non poña os cóbados sobre a mesa e a limpa-la boca cando beba, antes temos que ensinarlle a utilizarla culler e o garfo e a manexa-lo vaso, sen verte-lo seu contido. Despois, queremos modificar unha mala conducta na mesa -e empeñarémonos niso con fruición- esquencéndonos de que nunca o ensinamos a comer ben.

Comecemos, pois, por ensina-lo abecé das conductas infantís máis habituais e cotiás, antes de nos entregar á escrupulosa modificación destas conductas, moitas veces mal aprendidas ou nunca ensinadas.

Saibamos planea-lo que pretendemos facer. Para crear unha nova conducta, hai que saber, de entrada, de que punto partimos, do que xa existe no comportamento inicial. Isto obríganos a observa-lo neno e ver, entre todo o que sabe facer, cales son os elementos que ten en común coa conducta que queremos conseguir. Ó mesmo tempo, definiremos exactamente a conducta final que esperamos obter (tendo en conta as posibilidades reais do neno). E despois estableceremos unha serie detallada, máis ou menos ampla, de pasos intermedios necesarios para acada-la conducta anhelada (tecnicamente denomínase isto "aproximacións sucesivas"). Por exemplo, se queremos ensinarlle a un neno a toma-la sopa sen vertela sobre a mesa, o

primeiro que temos que saber é se o neno está capacitado para levar cousas á boca e sabe imita-la acción de meter ne-la unha culler. A seguir, ensinarémoslle a coller ben a culler, coa posición adecuada da man e a presión dos dedos; despois, a inclinación necesaria da culler para que penetre no líquido, que recolla sopa, que saia do prato nunha posición horizontal que impida verte-lo seu contido, chegue á altura da boca e proceda, perpendicularmente, á súa introducción, para volver logo, unha vez baldeira, ó seu sitio... A ensinanza será, segundo o neno, máis ou menos laboriosa, deténdonos en cada paso o tempo necesario, ou retrocedendo ó anterior para consolidalo (axudándonos das gratificacións ou reforzamentos que fagan falta). O resultado será o perfecto encadeamento destas secuencias de movemento. Todo este proceso denomínase "moldeamento dunha conducta".

## OS TRABALLOS DE MARTÍN A. KOZLOFF

Vemos nos noso alumno un comportamento determinado que non nos gusta e decidimos modificalo. ¿Que facemos?

Os conceptos e normas que resumiremos a seguir están sacados, na súa meirande parte, da obra de Martín A. Kozloff, *El aprendizaje y la conducta en la infancia*. Escollémola como fonte informativa, por se-la máis accesible e didáctica para o público non iniciado en técnicas de modificación da conducta.

Ensina-lo neno a modificar unha conducta é algo que non se pode conseguir máis ca de catro maneiras:

1. Ensinándoo a que o faga mellor (ou máis habilmente); por exemplo, no caso de que conduza a bicicleta con moi pouco equilibrio.
2. Aumentando a frecuencia; por exemplo, sabe xogar con outros nenos pero só o fai uns minutos.
3. Diminuíndo a frecuencia; por exemplo, ten rabechas cada día ó se deitar.
4. Ensinándoo a que faga unha determinada conducta nun momento ou lugar preciso; por exemplo, que faga as súas necesidades no aseo.

Co fin de anima-los pais e mestres, é un bo momento para dicirllles que, se se propoñen facelo decididamente, custa moi pouco cambiar unha determinada conducta infantil.

Unha persoa aprende a facer algo que, ó aprendelo, lle ofrece unha recompensa. Poñamos un exemplo fácil de comprender: un neno ve un pomo dun armario (sinal), tira do pomo (conducta ou resposta) e ábrese a porta do armario amosando o seu interior (consecuencia: recompensa). Seguirá practicando na apertura do armario ata que a nai, cansada de que o neno revolva nas súas roupas, poña un pecho. ¿Que sucederá despois? O neno verá o pomo (sinal), tirará del (conducta) e a porta non se abri-

rá (consecuencia: ningunha recompensa). Resultado: non tardará en deixar esta conducta porque non lle ofrece ningunha recompensa, é coma se a súa conducta estivese totalmente ignorada. Conclusión que sacamos: a conducta que non vai seguida dunha recompensa ou é ignorada, diminúe paulatinamente (se é castigada diminúe más rapidamente). E ó contrario, cando a conducta se ve recompensada con frecuencia, vai aumentando.

É importante advertir que as conductas modifícanse reciprocamente entre pais e fillos, e entre mestres e alumnos. É dicir, os pais e mestres ensinan os nenos e, á vez, os nenos ensinan os seus pais e mestres. Vexamos como. Un pai fai preguntas ó seu fillo, e a consecuencia (desta conducta paterna de preguntar) é que o neno non dá ningunha resposta. ¿Que sucederá? Como as preguntas do pai son ignoradas polo fillo, irá diminuíndo a actitude de preguntar do pai. O que quere decir: as consecuencias dunha conducta poden modifica-la conducta. Poñamos outro exemplo para que se poida ver con máis claridade ata que punto nos controlan os nosos fillos: durante a noite o neno ponse a xemer (sinal), o que lle indica ó pai que debe erguerse (conducta) e darrlle auga, evitando desta forma que se poña a chorar (recompensa para o pai). O pai ten recompensa por prestarlle atención ó neno, e así o neno controla o comportamento do pai.

É frecuente que botemos tempo de máis intentando diminuir conductas anómalas que se dan moitas veces ó día,



como por exemplo, as rabechas; cando o mellor sería aumenta-las formas “boas” de conducta máis ca intentar diminuí-las “malas”. Non poderemos eliminar nin diminuí-las malas conductas, non sendo que as “substituamos” por conductas boas, que previamente debemos ensinarlle ó neno. Tamén hai pais e mestres que dedican demasiado tempo intentando ensinar unha conducta. Os nenos abúrrense moiísimo, igual có encargado de ensinalos. Un consello: os nenos aprenden mellor cando aprenden varias conductas distintas ó mesmo tempo.

Téñase presente que, ó ignorar unha conducta anómala e, en cambio, gratificar ou recompensar unha conducta deseñable, a conducta anómala comezará a diminuír e a conducta deseñable a aumentar. E isto serve para calquera tipo de comportamento.

Pasemos agora a considera-la importancia dos “sinais”. Entendemos por sinais as cousas que suceden antes de que se inicie un comportamento (por exemplo, ve-lo pomo dun armario). Ou ben inician o comportamento, ou ben impiden que se inicie. Cando antes dun determinado comportamento ocorre sempre algo, e este comportamento vai seguido sempre da mesma consecuencia, este algo, o que sexa, pasa a converterse en sinal para a consecuencia. Un determinado sinal mantense como tal mentres a conducta vaia seguida pola mesma consecuencia. Os sinais teñen por misión indicar a unha persoa cal é o mo-

mento e o lugar adecuado para unha determinada conducta.

Calquera comportamento iníciase a continuación dalgún sinal, e sempre vai seguido dalgunha consecuencia. Os sinais e as consecuencias teñen a propiedade de modifica-la conducta. Sáibase que, fundamentalmente, hai tres tipos de “consecuencia”: recompensa, castigo e ignorancia. ¿Como actúan cada unha delas?

As recompensas actúan aumentando aquelas conductas ás que suceden, especialmente cando se dan inmediata e frecuentemente.

Os castigos actúan diminuíndo aquellas conductas ás que suceden, sobre todo cando se dan inmediata e frecuentemente.

A ignorancia dunha conducta (a conducta non vai seguida de nada, máis ca de indiferencia) actúa diminuíndo-a, pero unicamente mentres manteñámola. A ignorancia desta conducta e, a cambio, esteamos recompensando outra.

## A RECOMPENSA

É algo que aumenta a conducta á que sucede. Sinónimos de recompensa son: gratificacións e reforzadores.

Existen unhas recompensas chamadas primarias (innatas no ser humano), que solucionan necesidades, tamén

primarias. Por exemplo, o neno que ten unha conducta de pranto porque ten fame, recompénssase co alimento. Estas recompensas utilizanse nas primeiras fases dos programas de modificación de conducta en nenos, facéndolles desenvolver unha determinada conducta co premio do alimento ou da bebida. Pero estes reforzadores únicamente funcionan como tales mentres o neno ten necesidade deles, xa que no momento en que estea farto (por exemplo, comeu tódalas lambetadas que desexaba), deixáran de ser recompensas.

A maioría das recompensas que coñecemos teñen que ser aprendidas, é dicir, non son innatas. Clasíficanse en dous grandes grupos: recompensas naturais e recompensas artificiais.

As naturais son aquelas que, ó mesmo tempo que actúan como recompensas, son así mesmo a consecuencia máis probable dun comportamento. Por exemplo, se o neno come ben poderase erguer antes da mesa e poñerse a xogar (recompensa natural). Xeralmente son recompensas denominadas de acción.

As artificiais son recompensas que temos que introducir desde fóra (aloumiños, diñeiro, vales) porque non é probable que sexan unha consecuencia ou resultado natural do mesmo comportamento. Inclúen as recompensas "sociais" e "xerais".

Para conseguir que o comportamento dun neno se manteña, este debe

aprender a verse recompensado con aquelas cousas que habitualmente recompesan á xente, que son as recompensas sociais, xerais e de actividade.

Entendemos por "recompensas sociais" os sorrisos, eloxios, aloumiños, etc., dispensados por outras persoas, é dicir, unha atención por parte dos demás. Son recompensas moi fáciles de utilizar e que sempre están á man; pero, precisamente por isto, o neno pódese aburrir con elas, sobre todo se pasámo-lo día repartindo eloxios indiscriminadamente.

As recompensas xerais están representadas polo diñeiro, os puntos, fichas, vales, etc., mediante os cales se poden obter ou comprar cousas que son recompensas (todo o que desexamos). Non obstante, as recompensas xerais seguirán a ser recompensas mentres podan empregarse para adquirir outras recompensas (auténticas). Así, por exemplo, se damos diñeiro a un neno pero estamos nun lugar en que non hai posibilidade de gastalo, ou damos vales de bo comportamento pero logo esquencémonos de cambialos, perden o valor de recompensa.

Por último, "as recompensas de actividade" son as más variadas e as que poden empregarse durante máis tempo. ¿Por que? Simplemente, porque son tódalas cousas agradables que nos gusta facer na vida. Chámense "conductas altas", para diferencialas das "conductas baixas", que son tódalas cousas

que non nos gusta facer ou nos gustan menos. Conductas altas son, por exemplo: ve-la televisión, ir en bicicleta, etc. E conductas baixas: abrocha-los zapatos, lava-las mans, estudiar matemáticas, etc.

As conductas "altas" pódense usar, naturalmente, como recompensas de actividade para aumenta-las conductas "baixas". Por exemplo: "Tan axiña como te peitees (conducta baixa), poderás sair á rúa" (conducta alta). Neste caso a indicación da nai é o sinal que pon en marcha a conducta: o neno peitéase, e a consecuencia é que sae á rúa (recompensa de actividade).

As recompensas de actividade, a base de conductas altas, decidiron a Homme en 1967 a chamar las lei da aboa, xa que esta é a forma máis frecuente como conseguén as aboas que fagamos cousas que non nos gustan (conductas baixas). Por exemplo: "cando termíne-la froita (baixa) poderás xogar co crebacabezas"(alta).

¿Como saberemos que unha conducta é alta?. Observando o neno e vendo o que fai con maior frecuencia, é dicir, o que lle gusta (que mesmo pode se-la actividade de romper papeis, que poderá utilizarse como recompensa doutras conductas que nos interesa aumentar).

A mellor maneira de que se manteña unha conducta é empregando recompensas naturais, é dicir, que

practicamente as administra o propio neno coas súas actividades. Un exemplo de como utilizar unha secuencia de reforzamentos para modificar unha conducta sería: primeiro usar recompensas primarias (alimentos, lambetadas), despois pasar, progresivamente, a recompensas sociais (eloxios), e rematar con recompensas de actividade (calquera cousa que lle guste facer ó neno).

### CANDO NON FUNCIONAN AS RECOMPENSAS

Os pais quéixanse moi a miúdo de que o probaron todo e o seu fillo non reaccioná ante ningunha recompensa. ¿Pode ser isto verdade? É moi difícil que o sexa. Baixo a aparente actitude de indiferencia que nos presentan algúns nenos, inmutables fronte a calquera recompensa, sempre haberá algo con capacidade de actuar como reforzador dun comportamento. Descubrilo é a nosa misión, ou como mínimo, detectar en que fallos incorren os pais ou mestres ó aplíca-las súas recompensas. Vexamos algunas normas prácticas.

Hai moitísimas recompensas que non son efectivas para un determinado neno, pero serán para outro (a un pódelle gusta-la natación e a outro prodúcelle pánico). Non se siga, pois, recompensando unha conducta con algo que de feito non é ningunha recompensa. Búsquese outra cousa.

A miúdo o neno consigue recompensas a cambio de nada. Por exemplo, a

nai pasa o día dando caramelos ou pres-  
tando continua atención ó neno (a aten-  
ción xa é en por si unha recompensa). Ben,  
pois non se utilicen nin os carame-  
los nin a atención como recompensas;  
téñanse outras cousas en reserva para  
usalas como tales.

É importante que, ó principio dun  
programa destinado a modificar un com-  
portamento, as recompensas se adminis-  
tren “cada vez” que ocorre o  
comportamento desexado. É dicir, debe-  
mos estar ó tanto do que fai o neno e re-  
compensarlle, cando se presenta, a  
conducta en cuestión. Isto é fundamen-  
tal nos programas chamados “conti-  
nuos”, cos que se reforza cada logro do  
neno; mentres que máis adiante, cando  
se pasa a programas “intermitentes”, xa  
non se recompensa cada vez, senón de-  
terminadas veces ou situacións. Se non  
estamos pendentes da actuación do ne-  
no, séntese dolorosamente ignorado e  
decrece a conducta que anhelamos.

Tamén é moi importante admi-  
nistra-las recompensas no momento  
xusto, que sempre debe ser inmediato á  
conducta (ó segundo de producirse). Se  
se tarda demasiado en recompensar, o  
neno non sabe o que lle estamos recom-  
pensando, e mesmo pode ocorrer que es-  
teamos recompensando unha conducta  
anómala que se produza no preciso mo-  
mento no que satisfacémo-lo demorado  
premio. Se a recompensa, pola razón que  
sexa, non se pode cumplir no momento,  
cómpre indicarlle ó neno que a gañou e  
que despois se lle dará.

Hai recompensas que se adminis-  
tran con excesiva frecuencia, e o neno  
remata cansándose delas. O bo é dar dis-  
tintas recompensas, e ir variando.  
Téñase coidado en non caer neste vicio  
nacional, tan arraigado, de repartir lam-  
betadas a mans cheas. Non convertámolo-  
sos nenos en adictos ó azucré, cunha  
auténtica dependencia do doce, é dicir,  
unha verdadeira azucremanía.

E por último, nalgúns casos nos  
que as recompensas parecen inefectivas,  
deberémonos preguntar se o neno está  
en condición de realiza-la conducta que  
desexamos, porque podería ser que non  
aprendese os primeiros pasos desta nova  
conducta. Entón hai que volver atrás, e  
empezar desde a base (modelación dun-  
ha conducta).

### ALTERNATIVAS PARA DIMINUIR OU ELIMI- NAR CONDUCTAS NON DESEXABLES

É seguro que tódolos pais e mes-  
tres desexarían ser “expertos” nestas al-  
ternativas. ¡Hai tantas conductas que  
quixeramos que desaparecesen dos nosos  
fillos e alumnos!...

¿De que técnicas disponemos pa-  
ra conseguir este obxectivo? Temos al-  
gunhas: ignorar, illar, castigar, práctica  
negativa, práctica positiva, custo da con-  
ducta...Vexamos en que consisten.

“Ignorar” unha conducta quere di-  
cir non exteriorizar ningunha reacción  
ante ela. É moi importante que nos que-

de gravada esta idea. Ignorar é ignorar, no máis amplo sentido da palabra. Non debemos poñer ningunha énfase na nosa actitude de indiferencia. É dicir, non debemos volve-la cabeza, nin tapa-los ollos ou os oídos, nin saír do cuarto...Porque entón o neno veríase "recompensado", xa que sería el quen nos obrigaría a adoptar estas actitudes.

As conductas que se ignoran, máis tarde ou máis cedo, extínguense. A atención é un reforzador social valiosísimo, a súa supresión determina que unha conducta desapareza. Aínda que hai que ter presente que intentar ignorar un comportamento que durante bastante tempo estivemos "recompensando", ó principio pode ser que o aumente durante algúns días, e que o neno intensifique a súa maneira anómala de comportarse (que é o que case sempre pasa coas rabechas e cos desvelos nocturnos). Para acelera-lo proceso de supresión da conducta indesexable, é bo recompensar outra conducta substituta que vexamos deseable.

A técnica de illa-lo neno empréganos os pais moi bastas veces. A frase "ó cuarto escuro" é un recurso moi fácil. É unha boa técnica de modificación da conducta, pero nunca debe ser un procedemento para ensinar novos comportamentos. Sempre é preferible da-la oportunidade de "substituír" con outras conductas.

Con todo, se non hai outro remedio ca practica-lo illamento do neno, cingámonos ás seguintes normas:

1. Non se lle debe prestar atención ó neno cando se leve ó cuarto destinado a este fin (non fai falta que sexa un cuarto escuro, nin dicirlle que virán as ratas para comelo, que é unha forma gratuita de fomentar medos e ansiedade no neno).

2. Débese levar con rapidez e enerxía.

3. Non é necesario entrar no cuarto de illamento para darlle explicacións (o neno establece perfecta conexión entre a súa conducta e o resultado).

4. Por ningún motivo se debe interrompe-lo illamento, non sendo que cese a conducta que o motivou.

5. Hai que evitar que o neno se afaga ou mesmo que lle atope gusto ó illamento (porque, por exemplo, lle permita escapar doutras actividades que non lle agradan).

6. Hai que estar seguros de que dentro da habitación de illamento non hai nada co que poida entreterse.

7. Débese utilizar, ó principio, un período de tempo bastante longo de illamento (por exemplo, uns dez minutos como mínimo). Así, conseguiremos que o aborreza desde a primeira vez, e que en posteriores ocasións con poucos minutos abonde para ser efectivo.

8. Cómpre illa-lo neno cada vez que se produza o comportamento anómalo, e tan axiña como se inicie (non debemos esperar que o neno nos alporice).

9. Se coa técnica do illamento non conseguimos que amaine ou se elimine a conducta indesexable, no prazo aproximado dunha semana, é mellor que probemos con outra cousa.

Pasemos, agora, ó polémico “castigo”. ¿Débese castiga-los nenos?... ¿E por que non se as circunstancias o requieren? O castigo é algo que, levado a cabo despois dunha conducta, diminúa a probabilidade de que esta volva a presentarse. Denomínase “positivo” se actúa por imposición (unha labazada), ou “negativo” se actúa por supresión (unha multa que quita vales ou diñeiro). Pero ¡ollo!, unha cousa é abusar das labazadas (dar moitas e con forza) e outra, moi distinta, é unha labazada seca, sen máis, no momento preciso, coa dose adecuada (de forza). E, sinceramente, non cremos que o neno se “traumaticice” por recibir un “golpe dado na cara coa man aberta” (definición de labazada no diccionario).

A labazada, déase na cara ou déase nas nádegas, segue a ser unha boa “medicina”, capaz de alternar cos mellores antibióticos nos andeis das farmacias. Pero como todo “medicamento”, hai que sabelo utilizar cando existe xustificación (enténdase: motivo para a labazada).

Volvendo ós castigos, como medida para diminuir ou eliminar conductas indesexables, veremos que teñen, en xeral, máis inconvenientes ca vantaxes. O propio Skinner era un inimigo tenaz dos castigos na educación dos nenos, non

tanto polos seus repetidos abusos, a miúdo con aspectos de残酷, senón pola súa probada ineficacia como método para manter un cambio durable do comportamento.

O castigo, para que teña algúna utilidade e sexa efectivo, debe cumplir sempre dous requisitos: primeiro, seguir “inmediatamente” á conducta indesexable (tan axiña como se inicie, e non cuando xa non se poida soportar por máis tempo), e segundo, ser “importante” (non paga a pena aplicar castigos insignificantes).

Vexamos agora as súas desvantaxes e potenciais perigos:

1. Que se converta nun sinal de recompensa. Por exemplo, se despois de castigar a un fillo se loumiña, pódese aumenta-la conducta que se quería eliminar. Non se lle debe, polo tanto, prestar atención ó neno despois do castigo, e se chora hai que deixalo para que el mesmo se calme.

2. Os mellores resultados do castigo vense nas conductas más frecuentes, por exemplo as rabechas, que se dan varias veces ó día; nas conductas infrecuentes, os castigos son pouco eficaces.

3. Evidentemente, o castigo pode facer diminuir un comportamento indesexable nun lugar e momento determinado, pero non presupón que este comportamento non se produza noutro lugar ou circunstancia, onde o neno non

sexa castigado. O que significa que a conducta indesexable deberá castigarse sempre -se se quere ter efectividade-, en calquera lugar e momento que se produza.

4. Os mellores resultados do castigo conséguense cando se recompensa o neno por outros comportamentos deseables, capaces de substituí-lo comportamento indesexable. É dicir, que se un neno que se dedica a tirar pedras ós farois só dispón desta actividade destructiva para non aburrirse, seguirá practicando puntería nos farois, por moitos castigos que se lle apliquen.

O gran defecto do castigo é que non ensina novas conductas. Hai que pensar no castigo como última solución.

Buscando o efecto da saciedade nunha determinada conducta, preséntansen a denominada "práctica negativa". Consiste en que o neno se farte de practicar unha conducta indesexable e termine por aburrila. Por exemplo, a un neno que tena o costume de baldeirar no chan tódolos caixóns da súa habitación, "invítase" a que o faga ata que se canse, para despois seguir insistíndolle áinda que o seu desexo sexa o de renunciar. O inconveniente deste método é que require tempo e abundante dedicación, e tam-

pouco ensina ó neno un comportamento substitutivo.

De mellor resultado é a "práctica positiva", que consiste en facer realizar ó neno "o contrario" da conducta indesexable. Así por exemplo, a un neno que teña o costume de baldeira-los caixóns, obrígase a que ordene toda a casa, metendo todo nos caixóns, durante un período de tempo suficientemente longo (superior ó que emprega en desordenar). A vantage da súa aplicación reside en que actúa coa mesma rapidez có castigo, eliminando a conducta indesexable, pero ó mesmo tempo, ensínase unha conducta deseable (ordena-las cousas).

Por último, quédanos o chamado "custo da conducta", que é unha práctica moi empregada por pais e mestres. Os exemplos coñécenos todos: se o neno non come, non verá a televisión; se molesta na clase, non sairá ó recreo, etc.

Vimos, pois, as bases que rexen a ensinanza e a modificación das conductas, e as regras de ouro que cómpre ter en conta para que estas técnicas sexan efectivas. Abonda reflexionar un pouco para atopar unha gran variedade de situacions familiares e escolares nas que se poden poñer en práctica.

## BIBLIOGRAFÍA

- Ackerman, J.M.(1976): *Aplicación de las técnicas de condicionamiento operante en la escuela*, Santillana, Madrid.
- Ayllon, T., e N. Azrin (1974): *Economía de fichas*, Trillas, México.
- Craighead, W. E., A.E. Kardin, e M.J. Mahoney (1981): *Modificación de conducta*, Omega, Barcelona.
- Graziano, A. M. (1976): *Terapéutica de la conducta en la infancia*, Fontanella, Barcelona.
- Kozloff, M.A. (1979): *Educación de los niños con problemas de aprendizaje y comportamiento*, Fontanella, Barcelona.
- Ribes Iñesta, E. (1972): *Técnicas de modificación y conducta*, Trillas, México.
- Walker, H.M., e N.K. Buckley (1976): *Técnicas de reforzamiento con fichas*, Fontanella, Barcelona.
- Wolpe, J.(1977): *La práctica de la modificación de conducta*, Trillas, México.
- Yates, A.J.(1977): *Terapia del comportamiento*. Trillas, México.
- — — (1977): *Teoría y práctica de la terapia comportamental*, Trillas, México.